



ACTA DA XUNTANZA ORDINARIA DO CONSELLO PARROQUIAL DE VILAR DE INFESTA

15 DE DECEMBRO DE 2017

ORDE DO DIA

- 1.- Aprobación da acta anterior, xuntanza de data 14 de marzo de 2017.
- 2.- Dar conta dos orzamentos participativos 2017.
- 3.- Rogos e preguntas.

No Centro Cultural de Vilar de Infesta, sendo ás vinte horas, do día quince de decembro de dous mil dezasete, previa convocatoria, reuníronse os/as seguintes integrantes :

- José Carlos García Taibo, representante do PSOE
- María del Carmen González Monteiro, representante do PP
- Rubén Costas Fernández, representante do AER
- Cándido Vilaboa Figueroa, representante da comunidade de montes
- Enrique Crespo Costas, representante da comisión de festas
- Edesio Crespo Loureiro, representante das asociacións deportivas
- Luis Crespo Orge, representante das comunidades de augas

Todos/as eles/as baixo a Presidencia, por delegación do Sr. Alcalde, de Arturo González Barbeiro, asistidos por mín, Elisa Vieites Piquenque, coa finalidade de celebrar a xuntanza do Consello Parroquial de Vilar de Infesta convocada para o día de hoxe.

1.- Aprobación da acta anterior, xuntanza de data 14 de marzo de 2017

Sométese á aprobación a acta da xuntanza anterior celebrada o 14 de marzo de 2017, quedando aprobada pola maioría das/os membros presentes coa abstención de Rubén Costas Fernández por non ter asistido á devandita xuntanza.

2.- Dar conta dos orzamentos participativos 2017

O Presidente informa que comenzaron oas obras do muro no Camiño do Pedro Morto. Ésta sería a primeira parte das obras que se necesitan facer, aínda está sen rematar, pero antes de que remate o ano estarán realizadas. Despois dunha negociación entre o Concello e veciño, o aparelador fixo unha reforma para a entrada, así a parte de abaixo tería máis espazo. Fíxose un trozo de muro para evitar que a terra caia.

Luis Crespo Orge pregunta cando se van seguir facendo obras alí, xa que a comunidade de augas ten que meter unha tubería e necesitan saber cando van a abrir e que cando se vaia a facer calquera actuación na zona se lle dea aviso á comunidade.

Concello de Redondela



O Presidente di que se lle dará continuidade á obra ata as escaleiras e comunicará aos departamentos de urbanismo e vías e obras para que se comuniquen coa comunidade de augas. Informa que se meteu un saneamento en Pedro Morto para familias que non contaban con recursos, para evitar que fixeran vertidos. Fíxose unha actuación nun terreo de montes na zona que está enriba do colexio botándose zahorra.

Edesio Crespo Loureiro di que na zona onde se meteu a zahorra que non se poñan as árbores cortadas por que estropea todo o chan.

Cándido Vilaboa Figueroa di que tamén se meteu saneamento para varias vivendas e se tivo que meter un colector. Na zona de montes púxose zahorra para que se poida aparcar, xa se falou co dos pinos e non os porá mais.

O Presidente informa que se fixo outro saneamento pasando o colexio.

Cándido Vilaboa Figueroa di que tamén se fixo outro no Camiño da Granxa.

Edesio Crespo Loureiro di que cando os orzamentos participativos non chegan para facer unha obra que é necesaria para a parroquia e o propio consello parroquial así o manifestou, o Concello debería poñer o resto dos cartos e acabar a obra. Non se debería ter que esperar outro ano para os traballos do muro.

Cándido Vilaboa Figueroa di que a parroquia debería implicarse máis nas obras buscando varios orzamentos.

O Presidente informa que se a parroquia prioriza unha obra e os cartos do participativos non chegan o Concello, normalmente, remata a obra sobre todo cando se trata dunha unidade. Este ano houbo unha serie de cuestións que impediron rematar o muro, pois houbo un investimento moi grande na urbanización do colexio de Igrexa de Chapela, e non se quixo pedir un préstamo, pero no ano 2018 tense previsto rematalo entre os participativos e investimento do Concello, xa que é unha obra que ascende aos 50.000 euros.

Cándido Vilaboa Figueroa di que se ten que acudir aos participativos porque non hai unha partida específica para muros e o interventor municipal bota a obra para atrás.

Edesio Crespo Loureiro di que se gastan 30.000 euros nun camiño en Chapela que a xente non quere limpar e 42.000 euros nun pilón e fonte para recoller auga. Non se debería adicar tantos cartos a unha sola fonte en Chapela.

Cándido di que o pilón e a fonte foi en Cidadelle cun proxecto da Xunta de Galicia e en Fixón recuperouse unha fonte.

Edesio Crespo Loureiro di que non se atopou o nacente.

O Presidente informa que as subvencións non veñen sempre, naquel momento a veciñanza apoiu a obra cos participativos. Igual que co muro de Pedro Morto se se aproba cos participativos de 2018 o Concello porá o resto para acabalo.

José Carlos García Taibo pregunta se está incluído nunha partida para o 2018.



O Presidente di que se meterá. Está proxectado como nova actuación facer a humanización na zona do colexio con beirarrúas, priorizando a seguridade viaria.

José Carlos García Taibo di que no cruce habería que por un semáforo.

Rubén Costas Fernández di que un paso de peóns é tamén necesario.

O Presidente di que o problema é a autorización de Fomento, que por outras solicitudes un semáforo que se pedira tardou seis anos. No Alto dos Valos hai orde de Fomento dun estudo para mellorar a seguridade.

O Presidente di que no Camiño da Granxa hai unha rotura debido ao paso dos camións.

Cándido Vilaboa Figueroa di que é debido a que un pozo repisou.

3 .- Rogos e preguntas

Edesio Crespo Loureiro pregunta pola subvención de 20.000 euros da Deputación para parques infantís pola que o Concello só tiña que por o 20%.

O Presidente di que en Vilar de Infesta investiuse no parque situado na Avda. Do Galleiro no que se cambiaron elementos, púxose area e se colocou o peche.

Edesio Crespo Loureiro di que cos participativos pediuse un arranxo no parque do colexio.

O Presidente di que aparte do da Avda. Do Galleiro tamén se arranxaron elementos no do colexio. Onde está a nave, no camiño do Telmo, xa se preparou a explanada porque se van poñer biosaudables e colocar un peche. A Concelleira de Parques dixo que na parroquia se meteron elementos novos. E no seguinte consello parroquial informábase do investimento de parques e xardíns.

José Carlos García Taibo pregunta polo saneamento do Escribano e polas vivendas que quedaron sen meter no saneamento de Pedro Morto.

O Presidente di que no primeiro trimestre do ano 2018 mirábase o saneamento do Escribano.

Cándido Vilaboa Figueroa di que en Pedro Morto hai que estudar por onde metelo.

O Presidente di que hai algunha casa non se quere conectar. O que queda nesa zona é o máis difícil, porque dependen de permisos de paso que a veciñanza non quere autorizar e ir a unha expropiación é complexo.

Edesio Crespo Loureiro di que o problema poderán ser serán os cartos, pero non os permisos.

Cándido Vilaboa Figueroa di que as casas de abaixo non dan a altura necesaria e hai que buscar saída para abaixo, paralela ao río hai unha finca privada que non cede.



Edesio Crespo Loureiro di que non habería que pedir permiso porque hai un camiño de regantes e poderíase levar para a poza da Lobada.

Cándido Vilaboa Figueroa di que a única solución é expropiar e iso é complicado. Estase buscando outra maneira, metelo polo rego da poza, pero non se lle da servizo ás casas de abaixo, habería que meter un bombeo.

Enrique Crespo Costas di que se necesitaría poder os plataneiros na zona onde se vai facer a festa de San Benito.

Edesio Crespo Loureiro di que se debería completar o saneamento de Pica Morena.

Cándido Vilaboa Figueroa di que se lle está buscando solución aos saneamentos de Pica Morena e ao da Chousa. Ten que haber cesións para que pase a tubería.

Rubén Costas Fernández di que habería que enviar un escrito a Fomento polo tema da nacional 555 para ver en qué quedou, porque os peóns teñen que ir pola estrada para coller o autobús.

O Presidente di que se lle reclamou a mellora da seguridade de toda a zona dende a Rabadeira ata o límite do concello. No seu momento cando Fomento expropiou a comarcal puxeron todo alfalto.

O Presidente informa que o inspector de Medio Ambiente está facendo actuacións en todo o tramo e trouxo á enxeñeira de Fomento para ver a zona, o problema máis visible son as árbores na zona da subida do Lemos. Estase a estudar como recoller as augas.

Cándido Vilaboa Figueroa quere facer mención que na parroquia de Vilar de Infesta hai un abandono en relación co alumeadado público.

E, non habendo máis asuntos a tratar, pola Presidencia levántase a sesión, sendo ás vinte e unha horas e vinte minutos da data fixada no encabezamento, en proba de todo o que se estende na presente ACTA, da que, como Secretaria do Consello, DOU FE.